



BOP

MIÉRCOLES, 26 DE FEBRERO de 2014 N° 047

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

FOZ

Anuncio

En sesión plenaria extraordinaria desta Corporación de data 7 de febreiro de 2014, aprobouse o Convenio de Colaboración Marco para a encomenda de xestión do Obradoiro de Emprego "PARDO DE CELA DOS CONCELLOS DE FOZ, VALADOURO, ALFOZ E MONDOÑEDO" ao Concello de Foz, que di:

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "PARDO DE CELA DOS CONCELLOS DE FOZ, VALADOURO, ALFOZ E MONDOÑEDO" AO CONCELLO DE FOZ.

No Concello de Foz , a.....de....., de 2013.

REUNIDOS:

Os Sr.es. Alcaldes/ás dous seguintes Concellos:

CONCELLO DE FOZ, -----

CONCELLO DE ALFOZ -----

CONCELLO DE O VALADOURO -----

CONCELLO DE MONDOÑEDO -----

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Segundo.- O artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Terceiro.- Con data 10 de xaneiro de 2014 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 6 a Orde do 23 de decembro de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. Tendo en conta a realidade sociodemográfica dos Concellos de Foz, Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo as catro Administracións aprecian a necesidade de realizar un obradoiro de emprego conxunto que abrangue o respectivos ámbitos territoriais dadas as evidentes necesidades de mellorar a formación e a ocupabilidade das persoas desempregadas da zona mediante a realización de obras de interese social que activen o desenvolvemento territorial. Estes programas, ademais de formar a persoas de idades iguais ou superiores aos 18 anos, desempregados, nas especialidades formativas que se imparten permítéselles adquirir experiencia profesional e acadar formación en varias materias.

A estas importantes finalidades, engádesa a recuperación de espazos públicos, a execución de obras para todos os cidadáns.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns e cidadás en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos, delegando a xestión no Concello de Foz.

Quinto.- Tanto a LRRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración inter-administrativa**.

Sexto.- Por todo o anterior, os concellos asinantes ACORDAN FORMALIZAR UN CONVENIO PARA ENCOMENDAR A XESTIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO DENOMINADO "PARDO DE CELA DOS CONCELLOS DE FOZ, ALFOZ, O VALADOURO E MONDOÑEDO" AO CONCELLO DE FOZ e segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do obradoiro de emprego obxecto de encomenda ao Concello de Foz, e nos termos da Orde de 23 de decembro de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar.

Segunda.- Ámbito Territorial

O ámbito territorial do obradoiro de emprego será o correspondente aos termos municipais de Foz, Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo.

Terceira.- Xestión do obradoiro

O Concello de Foz será o responsable técnico e administrativo da xestión do obradoiro de emprego, de conformidade co establecido na Orde do 23 de decembro de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar, representando aos catro Concellos en todas as relacións coa Xunta de Galicia.

A tal efecto, o Concello de Foz procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Neste sentido, os Concellos de Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo delegarán no Concello de Foz as súas facultades para a tramitación administrativa do expediente en nome dos catro Concellos ante a Consellería de Traballo e Benestar.

Cuarta.- Prácticas formativas: obras concretas a realizar nos tres Concellos

Os alumnos e alumnas recibirán formación profesional para o emprego, segundo o plan formativo incluído na memoria do obradoiro de emprego, alternándoa coa práctica profesional.

Os catro Concellos aprobarán as actuacións concretas a realizar no seu Concello e o proxecto de obradoiro conxunto. Asemade, certificarán a dispoñibilidade dos bens nos que se desenvolverán as actuacións. **As prácticas a realizar consistirán na realización das seguintes obras e servizos:**

"RESTAURACION AMBIENTAL DA CONCA DOS RIOS OURO E DE MOUCIDE E ACONDICIONAMENTO DE PARQUES E XARDINS NOS CONCELLOS DE ALFOZ, FOZ, MONDOÑEDO E O VALADOURO":

Na canle principal do Río Ouro, actuarase dende o límite superior do coto de O Valadouro, na ponte de frexulfe ata a presa Fontao, na parroquia de Santa Cilla, de onde sae o canal de captación de auga para a estación depuradora de Foz, pasando polo coto de pesca sen morte de Alfoz, o tramo libre e o coto de Foz. Lonxitude total 10,9 Qm.

Actuarase nos afluentes, Rego das Pontellas, Bao, Ferreira e Rego de Val dos Infernos. Lonxitude total 3,6 Qm.

No río de Moucide a lonxitude total sobre a que se pretende actuar é dende O Campón, en Moucide (O Valadouro) ata a desembocadura en Cangas (Foz), nunha lonxitude total de 8,9 Qm.

A lonxitude total dos cauces sobre os que se pretende intervir é de 41,6 Qm. Estimando unha actuación de 5 metros (ribeira e zona de servidume) a cada lado dos mesmos, a superficie sobre a que se vai actuar sería de 416.000 m².

Nos parques e xardíns faranse labores de poda, sega, abonado e plantación de arbustos e plantas anuais e vivaces, en zonas verdes e áreas recreativas dos distintos concellos, de acordo co seguinte detalle:

En Alfoz, realizaranse labores de poda e mantemento no Parque Alcalde José Palmeiro en nas Áreas Recreativas de A Pontenova, na parroquia de San Pedro de Mor, Entorno Fortaleza de Pardo de Cela, en O Castro, e San Antonio, en Carballido.

En Foz, as labores de mantemento centraranse en Campo da Cabana, Zona Rapadoira, Parque Conce de Fontao, Uxío Novo Neira, o Castro e podas en vías municipais.

En Mondoñedo, na Alameda realizaranse podas e reposición de árbores: no Campo dos Paxariños (Recinto Feira as San lucas) realizaranse podas; na Avda. de Buenos Aires e Praza do Concello realizaranse labores de poda e plantación de plantas de temporada.

En O Valadouro realizaranse podas e labores de mantemento no Parque de Feira Nova, no Parque de Concepción Arenal e no entorno da Piscina Municipal.

“MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS, MOBILIARIO URBANO E SINALIZACIÓN HORIZONTAL”:

En Alfoz actuacións de reposición de pezas do mobiliario danadas e traballos de limpeza e pintura das aludidas pezas nos parques e áreas recreativas municipais e limpeza de óxido, imprimación e pintura de farolas nos mesmos parques, así como aplicarase unha man de laxur á barandilla do paseo peatonal Vilaúde-Reirado.

En Foz, as obras serán de reparación e/ou reposición de elementos danados no mobiliario de todos os parques de propiedade municipal; limpeza e reparación de desconchados en pinturas e barnices e a aplicación de man de acabado. Tamén se repararán as proteccións metálicas e de madeira con lixado de óxidos, imprimación e esmaltado en proteccións de fundición, forxa ou aceiro e con aplicación de laxures ou esmaltes sobre madeira. Limparanse e repintaranse todas as marcas viais danadas existentes nas vías de propiedade municipal con pintura acrílica en base acuosa.

En Mondoñedo, na Casa da Xuventude, repararanse as filtracións dunha cuberta invertida existente na súa parte posterior, as filtracións a través da unión da galería da fachada principal co muro de fachada, o canalón e a baixante da fachada posterior, os pavimentos de madeira danados polas filtracións e pintarase con pintura ó silicato interiormente todo o inmovible. Restaurarase o Templete da Alameda; para isto reporase a cuberta de cinc, limparase a pedra con chorro de auga a presión, restaurarase o falso teito de madeira con reposición de pezas rotas e/ou danadas, decapado e aplicación de dúas mans de laxur. Así mesmo colocarase un pavimento de cuarcita da zona, para o que será necesario o picado do pavimento de mortero existente na actualidade.

Restauraranse os bancos e farolas da alameda con retirada e tratamento de desconchados, reparación de pezas danadas ou rotas e pintura posterior.

En O Valadouro, no edificio que alberga o Centro Socio Cultural, Xuvenil e da terceira Idade, pintarase con pintura plástica para exteriores a fachada posterior e no interior aplicarase unha man de pintura plástica antimoho para interiores en todos os paramentos verticais, previa reparación de fendas e fisuras.

No local dos baixos das vivendas sociais (previsto Centro Social) executarase solados e alicatados, colocarase falsos teitos modulares de escaiola e pintarase as paredes interiores con pintura plástica para interiores.

As actuacións no mobiliario dos parques de Feira Nova, Concepción Arenal e Paseo Fluvial son as mesmas que nos dos outros concellos participantes no proxecto.

Quinta.- Selección do alumnado-traballador

Un grupo de traballo mixto, formado por representantes da Consellería de Traballo e Benestar e do Concello de Foz, determinará o perfil das persoas candidatas, os baremos e probas que poidan aplicase. A selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego ou actividade pola correspondente oficina de emprego, debendo ésta observar, como requisitos mínimos que deben cumprirse as persoas candidatas preseleccionadas os establecidos no artigo 11 da Orde do 23 de decembro de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar.

As persoas seleccionadas como alumnado traballador serán contratadas polo Concello de Foz, dende a súa incorporación ao proxecto. Os contratos de traballo formalizaráanse por escrito no modelo oficial correspondente, debendo facerse constar a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán rexistrados na oficina de emprego, indicando a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e no seu caso o número da oferta de emprego utilizada.

Sexta.- Selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio

Na selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, un grupo de traballo mixto establecerá o procedemento selectivo, podendo utilizar oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, convocatoria pública ou ámbalas dúas.

Asemade, corresponderálle a este grupo de traballo mixto determinar o perfil, as características, e os requisitos que van a cumprirse as persoas candidatas, elaborar as convocatorias, establecer os baremos e, se é o caso, as probas que poidan aplicarse.

A selección definitiva deberáse realizar entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública, se é o caso, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto. Terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións, de cumprimento do perfil requirido, se atopan en situación de desemprego.

O Concello de Foz contratará ao persoal directivo, docente e administrativo de apoio que fose seleccionado e figure como tal nas actas do grupo de traballo mixto.

Os contratos de traballo formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, debendo facerse constar a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán rexistrados na oficina de emprego, indicando a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e no seu caso o número da oferta de emprego utilizada.

Sétima.- Comisión de seguemento

Para o seguemento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das Administracións asinantes, os cales serán nomeados polos seus respectivos Alcaldes-presidentes. As súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión do obradoiro.
- A resolución de calquera incidencia que poida xurdir.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución do convenio por incumprimento.
- Calquera outra relacionada coa xestión do obradoiro.

Oitava.- Aspectos económicos e financiamento

Cada Concello sufragará con fondos propios a parte non subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar das obras realizadas no seu territorio, transferindo ó Concello de Foz os fondos necesarios ó efecto.

Novena.- Vixencia do Convenio

A vixencia do presente convenio estará condicionada, en todo caso, á efectiva concesión da subvención para os obradoiros de emprego, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da CCAA de Galicia para o ano 2014 ao abeiro da Orde de 23 de decembro de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar, así como á existencia de informe favorable da Comunidade Autónoma para o exercicio desta competencia impropia, de acordo co establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. O convenio estará vixente durante a totalidade da duración do obradoiro de emprego., e non admitirá prórrogas. O presente convenio entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa publicación no Boletín Oficial correspondente.

Décima - Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Undécima.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Duodécima- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

En Foz, 17 de febreiro de 2014.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 0678.

LUGO**Anuncio**

Ante a imposibilidade de notificar á Consulting Ingeniería e Inversiones, S.L. no último domicilio coñecido sito na rúa Pilar Cavero, 10-1º B, 28027 Madrid, o Decreto número 14000608, de 23 de xaneiro de 2014, relativo á imposición da segunda multa coercitiva por incumprimento da resolución ditada polo Decreto da Alcaldía número 63/2004, do 22 de setembro, no expediente de "Orde de execución de obras no inmovible número 8 da rúa da Raiña", faise pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ó previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cuxa parte dispositiva do mesmo é do seguinte teor literal:

"PRIMEIRO.- Ordenar ás propietarias do baixo dereita do inmovible número 8 da rúa da Raiña, a dona Blanca, dona Isabel e dona Elena Rodríguez Somoza-Zas, para que procedan en conformidade cos artigos 9 e 199 da LOUGA, a execución das medidas de seguridade que figuran descritas no informe do Servizo de Arquitectura Municipal do 20 de xaneiro de 2014, en concreto as seguintes:

- De forma inmediata e no prazo máximo de un día, repoñer o cristal da porta do baixo dereita que se atopa roto.

Advertíndolles que, no caso de incumprimento deste requirimento, o Concello procederá a súa execución forzosa mediante o procedemento de execución subsidiaria con cargo ós obrigados (artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común),

ou a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas (artigo 199.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

SEGUNDO.- Impoñer a sociedade Consulting Ingeniería e Inversiones, S.L. (Civelle, S.A) co CIF número B78500857 e domicilio na rúa Pilar Caveró, 10-1º B, 28027 Madrid, a dona Blanca Rodríguez Somoza-Zas co DNI número 33.217.667-D e domicilio na rúa Illa Toralla, 14, 36331 Vigo (Pontevedra), a dona Isabel Rodríguez Somoza-Zas co DNI número 33.195.224-Z e domicilio na praza Maestro Mateo, 8-6º D, 15004 A Coruña, a dona Elena Rodríguez Somoza-Zas co DNI número 33.157.528-S e domicilio na rúa Castela, 25-2º D, 27001 Lugo e a don Alfonso Trueba Bachs co DNI número 40.960.163-E e domicilio na avda. Meridiana, 129-1º-1ª, 08001 Barcelona, copropietarios do inmovible número 8 da rúa da Raíña, unha segunda multa coercitiva polo importe de 1000 euros a cada un dos mesmos, como consecuencia do incumprimento da resolución ditada polo Decreto da Alcaldía número 63/2004, do 22 de setembro.

A multa imposta reducirase na súa contía nun 30% se é aboada no prazo de QUINCE DIAS a partir da notificación da multa e se o suxeito obrigado mostra por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo (Disposición adicional quinta da Lei 9/2002).

O importe da multa, de acordo co disposto no artigo 62 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria (BOE nº 302 do 18/12/03), deberá efectuarse mediante o ingreso, a favor da Tesourería municipal, no seguinte prazo:

a) Ata o día 20 (ou o inmediato hábil posterior, se aquel é festivo) do mes posterior ó da recepción da presente notificación, se esta fose recibida entre os días 1 e 15 do mes.

b) Ata o día 5 (ou o inmediato hábil posterior, se aquel é festivo) do segundo mes posterior ó da recepción da presente notificación, se esta fose recibida entre os días 16 e derradeiro do mes.

Significando que o pago da multa poderá facerse efectivo mediante a liquidación que se achega en algunha das seguintes entidades colaboradoras: NOVA GALICIA BANCO, BBVA e LA CAIXA.

Advertindo ó interesado que de non facerse efectivo o importe da multa no prazo sinalado procederase pola vía do constrinximento.

TERCEIRO.- Requirir novamente a sociedade Consulting Ingeniería e Inversiones, S.L. (Civelle, S.A), a dona Blanca, a dona Isabel e a dona Elena Rodríguez Somoza-Zas e a don Alfonso Trueba Bachs, copropietarios do inmovible número 8 da rúa da Raíña, para que procedan a cumprir a orde de execución de obras ditada a través do Decreto da Alcaldía número 63/2004, do 22 de setembro, apercibíndoos que, no caso de incumprimento daquela, procederase a súa execución forzosa mediante a imposición de novas multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, na contía de 300 a 6.000 euros cada unha, conforme o disposto no artigo 199.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

CUARTO.- Notifíquesele a presente resolución ós interesados coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), de Lugo.

- Recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de **un mes**, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto."

Para que conste e lle sirva de notificación ó citado interesado en cumprimento do disposto no artigo 59.5 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino este anuncio.

Lugo, 14 de febreiro de 2014.- O Alcalde, P.D. O Tenente Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (Decreto Alcaldía número 13008312), Luis Manuel Álvarez Martínez.

Ante a imposibilidade de notificar a don José Fernández González no último domicilio coñecido sito na rúa Francisco González, 49-1º, 24404 Ponferrada (León), o Decreto número 14000521, de 21 de xaneiro de 2014, relativo á "Orde de execución de obras no inmovible número 24 da rúa Xulia Minguillón", faise pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ó previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cuxa parte dispositiva do mesmo é do seguinte teor literal:

"PRIMEIRO.- Ordenar a don José Fernández González e a dona María José Fernández Novoa, propietarios do inmovible número 24 da rúa Xulia Minguillón, para que procedan en conformidade cos artigos 9 e 199 da LOUGA, a executar as obras que figuran descritas no informe do Servizo de Arquitectura municipal do 2 de maio de 2007, **no prazo de un mes**, en concreto as seguintes:

- Restauración da cuberta, para a fixación de lousas.
- Restauración da carpintería e reposición de cristais rotos.

- Limpeza de vexetación en todo o inmovible e posterior pintado.
- Reposición de canlóns e baixantes.

Por outra banda, en tanto non se acometan as actuacións de rehabilitación que lle corresponden, a propiedade deberá adoptar as medidas de seguridade necesarias en orden a evitar danos na vía pública e edificacións lindeiras.

Advertíndolle que, no caso de incumprimento deste requirimento, o Concello procederá a súa execución forzosa mediante o procedemento de execución subsidiaria con cargo ós obrigados (artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), ou a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas (artigo 199.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

SEGUNDO- Notifíquesele esta resolución á parte interesada coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e que contra a mesma pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de **un mes** ante a Alcaldía, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo)."

Para que conste e lle sirva de notificación ó citado interesado en cumprimento do disposto no artigo 59.5 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino este anuncio.

Lugo, 17 de febreiro de 2014.- O Alcalde, P.D.- O Tenente Alcalde Delegado da Area de Urbanismo e Medio Ambiente, (Decreto Alcaldía número 13008312), Luis Manuel Álvarez Martínez

Ante a imposibilidade de notificar a dona Blanca Montenegro Neira no último domicilio coñecido sito na praza de Campo Castelo, 57-2º A de Lugo, o Decreto número 14000520, de 21 de xaneiro de 2014, relativo á "Reiteración da adopción de medidas de seguridade e orde de execución de obras no inmovible número 12 da rúa do Moucho", faise pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ó previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cuxa parte dispositiva do mesmo é do seguinte teor literal:

"PRIMEIRO- Ordenarlle a dona Blanca Montenegro Neira, a executar as medidas de seguridade que figuran descritas nos informes do Servizo de Arquitectura municipal do 12 de novembro de 2008 e 26 de abril de 2010, anteriormente transcritos, que deberán adoptarse pola propiedade do inmovible número 12 da rúa do Moucho, **no prazo máximo de 1 día**, a contar dende a recepción da notificación deste resolución, en concreto as seguintes:

- Retirada de elementos susceptibles de caer á vía pública, tanto en fachada coma en cuberta, así como a limpeza de vexetación de todo o inmovible. É de sinalar que tal e como se indica nos apartados anteriores os aleiros, balcóns e solainas, están catalogados polo que non poden ser obxecto de substitución, deben de ser obxecto de restauración, polo que de ser retirados como medida de seguridade en tanto non se proceda á rehabilitación do inmovible, debe de procederse á presentación da previa reportaxe fotográfica, levantamento a escala da correspondente documentación gráfica, así como indicar onde van ser almacenados.

SEGUNDO- Ordenar a dona Blanca Montenegro Neira, propietaria do inmovible número 12 da rúa do Moucho, para que proceda **no prazo de 45 días**, a presentación neste Concello dun proxecto de rehabilitación global do inmovible de referencia, e isto en conformidade cos artigos 9 e 199 da LOUGA, e cos informes do Servizo de Arquitectura municipal, de 12 de novembro de 2008 e 26 de abril de 2010, anteriormente transcritos, e que se dan por reproducidos a efectos de motivación desta resolución.

Por outra banda, en tanto non se acometan as actuacións de rehabilitación que lle corresponden, a propiedade deberá adoptar as medidas de seguridade necesarias en orden a evitar danos na vía pública e edificacións lindeiras.

